

Usar a Aula Virtual para levar as notas do alumnado

Hoxe día temos moitas ferramentas como Idoceo, Additio, Google Classroom... para levar a nosa clase ao día e ter rexistradas todas as notas, competencias, estándares... a AV tamén serve para iso.

Usaremos dúas ferramentas fundamentalmente para poñer notas numéricas: PROBA (para que fagan no ordenador e que sexa autocorrexible ou non en función do tipo de actividades que deseñaremos) e TAREFA (pedirlles que non envíen un arquivo que deberemos mirar e puntuar)

De serie, cada curso da Aula Virtual ven preparado para que as CUALIFICACIÓNS aparezan todas xuntas, se as queremos separar por avaliacións (por exemplo) debemos crealas nós.

CÓMO CREAR AS AVALIACIÓNS NAS QUE INCLUIR AS TAREFAS DE CADA UNHA

É mellor facelo ao principio pero se non o facemos ou queremos engadir ou quitar algo despois, non hai problema, o único é que deberemos redirixir as tarefas/actividades á nova avaliación.

Creando as avaliacións **CATEGORÍAS** (ou co nome que queiramos) teremos ordenadas as notas e será moito máis sinxelo levar o control.

No caso de que algunha tarefa que se mande non sexa estrictamente dunha avaliación porque sexa algo transversal que se mirará a final de curso ou porque sexan tarefas de reforzo ou ampliación, pódense deixar á marxe sen incluílas en ningún deses “trimestres”

Non só vale para traballo feito no ordenador, podemos incluír unha tarefa “oculta” na que eles non poidan facer nada, e usala para meter alí as notas dos exames, por exemplo.

EXEMPLO – Partimos do noso curso que xa ten metidas algunhas tarefas

Nome	Cualificación máxima	Accións
curso Ensino Mixto	-	Editar
Segunda tarefa	100.00	Editar
Terceira tarefa	100.00	Editar
Total do curso Media ponderada simple de cualificacións.	100.00	Editar

Na Roda de edición imos a **AXUSTES DO LIBRO DE CUALIFICACIÓNS** e vemos o que xa está no curso, neste caso un par de tarefas sen asignar, só teñen o valor que lles dimos ao crealas (máximo 100 puntos)

Na parte de abaixo están os dous botóns que precisamos: **ENGADIR CATEGORÍA** e **ENGADIR ELEMENTO DE CUALIFICACIÓN**. A categoría sería a estrutura xeral (cada trimestre é unha categoría, por exemplo); o elemento de cualificación sería meter un exame ou traballo externo á AV pero que teña unha nota e a queiramos meter nela, pódese meter aquí ou crear unha tarefa.

Primeiro temos que pensar qué queremos facer, o clásico é dividir por trimestres e logo darlle un peso a cada cousa que fagamos, por exemplo: Exames (60%), Traballo (30%), Comportamento (10%); agora todo é distinto e a chegada das competencias clave fixo que mudara e cada un deseña o seu libro de cualificacións de xeito distinto pero tomaremos ese exemplo como primeiro caso. Outro sistema podería ser, en lugar de porcentual, sumativo (que é o que emprego eu por exemplo)

Para facer todo iso, xa que non temos tarefas creadas, crearemos varias ad hoc no noso curso

Á hora de crear as distintas tarefas as podemos ir metendo no seu lugar (no seu espacio de cada avaliación se xa está creado, senón teremos que facelo despois)



Opción 1: PONDERADO Cada trimestre ten dous exames que valen o 60% da nota, ademais van a entregar varios traballos (4 boletíns de exercicios da libreta e 2 test autocorrexibles da AV) e logo puntúo pola miña parte o 10% restante de comportamento e actitude en clase.

Cada unha das probas puntuarase sobre 10 para que a fórmula calculada sexa máis sinxela de ver. O modelo sería algo así:

$$\text{Primeiro Trimestre} = \left[\frac{(\text{Exame1} + \text{Exame2})}{2} \right] * 0,6 + \left[\frac{b1+b2+b3+b4+t1+t2}{6} \right] * 0,3 + \left[10 \right] * 0,1$$

Segundo Trimestre e Terceiro Trimestre o mesmo

PROCEDEMENTO

O primeiro a facer é engadir as categorías de cada trimestre.

-Como imos a calcular a nota con parámetros distintos, poñemos a nota máxima a entregar, 10puntos, e que faga a media ponderada.

-Se poñemos media “a secas” fará él a conta pero entenderá que todo vale o mesmo cando non é así.

-Teremos tres elementos a cualificar: Exames, Exercicios e Comportamento así que os crearemos tamén e os meteremos no lugar axeitado.

- Metín unha tarefa oculta para meter nela as notas do segundo exame (o primeiro o creei desde o propio libro de cualificacións, a outra forma de facelo)

-Metín, segundo o plan, 5 exercicios de entregar e 2 test autocorrexibles

-Unha vez deseñado o sistema, introducimos os distintos elementos (se facemos isto antes de comezar, se xa temos o curso lanzado, teremos xa actividades e material xa incluído que deberíamos colocar desde a Edición da proba ou tarefa)

-Para a parte de “comportamento” o meteremos desde o libro de cualificacións como fixemos antes

Elementos do libro de cualificacións	Ponderacións	Cualificación máxima	Accións	Seleccionar
curso Ensino Mixto		-	Editar	Todo / Ningún
Segunda tarefa		100,00	Editar	☐
Tercera tarefa		100,00	Editar	☐
Primeira Avaliación		-	Editar	Todo / Ningún
Exames		-	Editar	Todo / Ningún
examen1	6,0	10,00	Editar	☐
notas exame2		10,00	Editar	☐
Total Exames Media ponderada simple de cualificacións		10,00	Editar	
Exercicios		-	Editar	Todo / Ningún
exercicio 1	3,0	10,00	Editar	☐
exercicio 2		10,00	Editar	☐
exercicio 3		10,00	Editar	☐
exercicio 4		10,00	Editar	☐
exercicio 5		10,00	Editar	☐
Test 1		10,00	Editar	☐
Test 2		10,00	Editar	☐
Total Exercicios Media ponderada simple de cualificacións		10,00	Editar	
Comportamento	1,0	-	Editar	Todo / Ningún
comportamento1		10,00	Editar	☐
Total Comportamento Media ponderada simple de cualificacións		10,00	Editar	
Total Primeira Avaliación Media ponderada de cualificacións		10,00	Editar	

Opción 2: SUMATIVO

Cada trimestre ten 3 exames que valen 50puntos cada un, teñen que entregar 1 cuestionario/test por cada exame, que vale 20 puntos cada uno e 3 exercicios que valen 10 puntos cada un.

En total, cada bloque son 100 puntos, así que cada trimestre son 300 puntos. Segundo Trimestre e Terceiro Trimestre o mesmo.

A miña escala de valoración é, por exemplo: 

PUNTOS	Nota boletín	PUNTOS	Nota boletín
290 ou máis	10	150-179	5
260-289	9	120-149	4
235-259	8	90-119	3
210-234	7	60-89	2
180-209	6	0-59	1

Ao crear as tarefas dámoslle esa puntuación (a que consideremos: 50-20-10-etc...) e cando editamos o libro de cualificacións indicamos **SUMA DE CALIFICACIÓNS**.

Ten a vantaxe -para min- de que o alumnado vai seguindo o seguindo o seu progreso, uso moitas actividades que poden repetir sen límite e así, por superarse repiten e repiten ata que obteñen a mellor nota; a desvantaxe é que tes que ter pautado desde o principio do ciclo o que vas a facer para calcular a nota (pero podes valorar distinto cada unha)

curso Ensino Mixto: C

Panel de control / Cursos / Formación Interna / mixto

Editar categoría

as e elementos / Axustes do libro de cualificacións / Editar categoría

Media de cualificacións

Media ponderada de cualificacións

Media ponderada simple de cualificacións

Media de cualificacións (con puntos adicionais)

Mediana de cualificacións

Cualificación máis baixa

Cualificación máis alta

Moda de cualificacións

Suma de cualificacións

Media ponderada simple de cualificacións

▼ **Categoría de cualificación**

Nome da categoría

Agregación ?

[Amosar máis...](#)

▼ **Total da categoría**

Tipo de cualificación ? Valor

Escala ? Non usar escala

Cualificación máxima ? 10,00

Cualificación mínima ? 0,00